



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE MUÍÑOS PARA REALIZAR UNHA POSTA EN VALOR DA MÁMOA 1 DE VEIGA DE MAUS DE SALAS (MUÍÑOS, OURENSE)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural pretende formalizar co Concello de Muíños, o instrumento convenial arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de novembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e o Concello de Muíños, para a realización dunha posta en valor da mámoa 1 de Veiga de Maus de Salas (Muíños, Ourense), co obxectivo operativo de conservar o patrimonio cultural galego.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convenial que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A mámoa 1 de Veiga de Maus de Salas (GA32051083) está situada nunha área de gran valor natural, paisaxístico e patrimonial como é o val do río Salas, dentro do Parque Natural Baixa Limia-Serra de Xurés, unha zona na que tanto o concello de Muíños como a Xunta de Galicia teñen realizado numerosas actuacións de posta en valor en diferentes bens patrimoniais.

Trátase dun túmulo megalítico de planta circular, cuns 20 m de diámetro e unha altura conservada de 1 m. Aproximadamente no seu centro conserva a metade norte dun dolmen de corredor, do que se apreciaban, cando menos, sete ortostatos en posición orixinal, se ben algún lixeiramente desprazado, así como outros fragmentos de lousas espaxados polo seu contorno, dous deles posiblemente da lousa que facía de cuberta. Configúrase así un monumento cunha cámara excepcional entre os que se conservan no Val do Salas, tanto polo seu tamaño como pola súa tipoloxía, que o fai datar seguramente a comezos do





IV milenio a. C. O xacemento foi afectado no pasado polas augas do encoro próximo, que lavaron a terra superficial e deixaron á vista parte da coiraza. Ademais, falta parte da masa tumular polo sur e leste.

A nivel de protección a mámoa 1 de Veiga de Maus de Salas ten a condición de ben catalogado segundo establece o artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, xa que forma parte do catálogo de bens culturais, co número A.78, do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Muíños, que aprobou de forma definitiva unha Orde do 15.06.2012 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Tendo en conta os valores culturais que posúe a mámoa 1 de Veiga de Maus de Salas, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e o Concello de Muíños consideran de interese asinar un convenio de colaboración para rematar neste ano 2024 cos traballos arqueolóxicos no sitio, realizando unha posta en valor axeitada da cámara megalítica e máis o seu túmulo.

Estes traballos faranse con metodoloxía arqueolóxica e serán dirixidos por un/ha arqueólogo/a que cumpra os requisitos esixidos polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais dos propios traballos arqueolóxicos, prevense levar a cabo diferentes accións de divulgación dos bens e dos traballos realizados nas que se fará constar a colaboración e financiamento da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convenial.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

